


A Mariña, 13 de abril de 2012. Un "erro" dos técnicos que catalogaron o castro de O Redondo, do concello de O Vicedo, na Mariña de Lugo, déixao sen a protección legal que ampara este tipo de bens. Tras a **denuncia de ADEGA e MariñaPatrimonio** na Consellaría de Cultura pola a agresión que unha tala de eucaliptos estaba a exercer neste xacemento arqueolóxico, a Xunta caeu na conta de que o castro **non estaba ben catalogado**, xa que na documentación oficial estaba cambiado de sitio. Ambas as dúas organizacións denunciantes lamentamos que se sigan dando estas situacións de desprotección do noso patrimonio cultural polo desleixo e desinterese da Administración, e que, no canto dela, teñan que ser os propios cidadáns os que esixan a preservación destes bens únicos.



O 27 de febreiro de 2012 ADEGA e MariñaPatrimonio denunciamos perante o Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e o SEPRONA unha tala de eucaliptos que podía afectar o xacemento arqueolóxico de O Redondo, no lugar de Tarroeira, concello do Vicedo (Lugo). Este castro, catalogado dende o 2001, está protexido por lei para evitar o seu deterioro ou destrución, e calquera intervención nel debe ser autorizada pola Consellería de Cultura.

O 29 de febreiro os técnicos da Xunta realizaron unha inspección neste castro e constataron que, efectivamente,


Longitud del mapa: 141,51 Metros
Distancia en el suelo: 142,05
Dirección: 347,53 grados
Navegación con ratón
Guardar
Borrar